

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DO “CURSO DE FORMACIÓN EN AUDITORÍA XURÍDICO-LABORAL”.

Santiago de Compostela, outubro de 2021

### REUNIDOS

Dunha banda, dona Cristina Fabeiro Varela, con DNI 32838635V, secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais, nomeada por Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 7 de maio de 2021, publicada no DOG nº 92, do 19.05.2021, que actúa en funcións de presidenta en virtude do disposto no artigo 10.3.h) da Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais (DOG nº 112 do 11 de xuño de 2008).

E doutra banda, don Antonio López Díaz, Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC) nomeado segundo Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG núm. 106, do 5 de xuño de 2018), actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades que lle confiren os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (DOG nº 29 do 12 de febreiro de 2014).

Ambas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e recoñécense reciprocamente capacidade xurídica de contratar e de obrigarse nos termos do presente convenio.

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que consideran necesario colaborar na realización dun curso de formación en auditoría xurídico laboral, por entender as dúas institucións da necesidade de formación nesta disciplina.

**Segundo.-** Que o Consello Galego de Relacións Laborais acordou en xuntanza da Comisión Permanente do 9 de xullo de 2021, a realización do Curso de formación en auditoría xurídico laboral, co obxecto de afondar nas técnicas e contidos substantivos da auditoría xurídico laboral.

**Terceiro.-** Que de conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento que establecen a concesión directa das subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, resólvese, a concesión directa á Universidade de Santiago de Compostela da subvención regulada neste convenio, nos termos recollidos neste e na normativa reguladora destas subvencións.

**Cuarto.-** Que a Universidade de Santiago de Compostela se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, que non obtivo outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien este curso e que non incorre en ningunha das circunstancias contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para poder obter a condición de beneficiaria de axudas ou subvencións.

**Quinto.-** Que ao existir unha plena coincidencia entre as partes asinantes nos obxectivos perseguidos, así como a vontade de unir esforzos e colaborar nos seus respectivos ámbitos de actuación, acordan asinar este convenio, e facelo con base nas seguintes

## CLÁUSULAS

**Primeira.-** O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do *Curso de formación en auditoría xurídico laboral*, conforme ao Regulamento de Estudos Propios e Formación Permanente aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela o 25 de febreiro de 2021, e que se desenvolverá desde o mes de novembro 2021 ata o mes de marzo do ano 2022, en datas que concretará o equipo organizador, na modalidade de teleformación.

**Segunda.-** A Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Galego de Relacións Laborais ofertan este Curso conscientes da demanda social de ensinanzas do máis alto nivel no campo das relacións laborais, así como da necesidade de promover, nun mercado que se mostra cada vez máis competitivo, a adaptación das esixencias organizativas das empresas. Preténdese que as persoas participantes encontren neste Curso un lugar de exposición e debate dos requisitos necesarios para a correcta realización dunha auditoría xurídico-laboral, o dominio do seu procedemento e o coñecemento dos contidos substantivos que todo auditor debe dominar.

**Terceira.-** As persoas destinatarias son as persoas graduadas ou licenciadas en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Ciencias económicas e empresariais e Administración e dirección de empresas, ou diplomadas en Relacións Laborais. Persoas responsables de recursos humanos, xefes de relacións laborais, asesores e cadros das organizacións sindicais e empresariais.

Os temas que se impartirán durante a realización do curso son os que se relacionan no **Anexo I** a este convenio.

Para un óptimo aproveitamento do curso establécese un límite máximo de 40 participantes, que se seleccionarán pola dirección do curso, dos que ao menos vinte serán propostos polo Consello Galego de Relacións Laborais. O dito número podería incrementarse para o caso de que non se chegasen a cumprimentar as corenta prazas ofertadas.

O Consello Galego de Relacións Laborais financiará con 30€ a matrícula de cada un dos 20 participantes propostos. A cantidade total (600,00€) abonaráselle á Universidade de Santiago de Compostela unha vez rematado o prazo de matrícula, mediante transferencia desde a aplicación orzamentaria 11.B1.324A.444.12. O dito importe será computado á marxe da subvención regulada neste convenio para o funcionamento do curso. Este importe non cobre os prezos públicos por expedición de títulos, que será abonado por cada estudante matriculado.

Outorgaráselles ás persoas participantes no curso que o superen e demostren unha asistencia superior ao 80% das unidades docentes impartidas, un título propio acreditativo, conforme ás normas establecidas a tal efecto pola Universidade de Santiago de Compostela.

**Cuarta.-** Encoméndase a dirección do curso a don Javier Gárate Castro, catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social na Facultade de Dereito da USC e a súa codirección e coordinación á dona Yolanda Maneiro Vázquez, profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social na Facultade de Dereito da USC.

**Quinta.-** O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento deste *Curso formativo en auditoría xurídico laboral* mediante a achega de TRECE MIL CATROCENTOS EUROS (13.400,00€), con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación orzamentaria 11.B1.324A.444.12, denominada “Subvención á Universidade de Santiago de Compostela para curso formativo”, existindo crédito axeitado e suficiente segundo certificación expedida pola secretaria do organismo, que se xunta a este convenio como Anexo II.

1. A cantidade de CATRO MIL CEN EUROS (4.100,00 €) con cargo ao orzamento do Consello Galego de Relacións Laborais para o ano 2021.
2. A cantidade de NOVE MIL TRESCENTOS EUROS (9.300,00 €) con cargo ao orzamento do Consello Galego de Relacións Laborais para o ano 2022.

A antedita contribución poderase librar do seguinte xeito:

Mediante pagamentos a conta, por contía equivalente á xustificación presentada, que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, ata o 80% do financiamento aportado polo Consello Galego de Relacións Laborais. A xustificación destes pagamentos farase mediante certificación detallada acreditativa dos gastos realizados, expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

O importe restante librarase unha vez cumprido o establecido na cláusula sexta.

**Sexta.-** A Universidade de Santiago de Compostela, unha vez rematadas as actividades derivadas do curso obxecto do convenio, e, como data límite o 29 de abril de 2022 xustificará a totalidade da contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais, mediante certificación detallada e relación de facturas acreditativas dos gastos realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido, de conformidade co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A antedita certificación será expedida polo órgano da universidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Coa contribución efectuada polo Consello Galego de Relacións Laborais poderanse financiar os conceptos de gasto seguintes:

Organización, coordinación e dirección do curso.

Honorarios de profesorado e relatores.

Gastos de desprazamento dos relatores e relatoras e do seu aloxamento, de ser o caso.

Gastos de material de imprenta, do aluguer de medios audiovisuais, da inauguración e clausura e demais necesarios para o bo funcionamento do curso.

No suposto de que os gastos que se xustifiquen fosen inferiores ao financiamento acordado, deducirase do pagamento final a parte non xustificada.

A Universidade de Santiago de Compostela presentará, no momento da finalización do período de xustificación, unha declaración complementaria á que se contén no expoñendo cuarto deste convenio, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para a mesma finalidade das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como unha memoria descritiva do contido das accións desenvolvidas e dos resultados acadados, na que conste, entre outras, a relación e características dos participantes, e a súa valoración sobre o curso.

O Consello Galego de Relacións Laborais resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do gasto e, en concreto, a que acredite o pagamento das facturas relacionadas xunto á certificación.

**Sétima.-** A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda concedida.

**Oitava.-** A realización do curso implicará que a Universidade de Santiago de Compostela asuma as obrigas enumeradas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Novena.-** A Universidade de Santiago de Compostela, de conformidade co establecido na disposición adicional única do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, presta o seu consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos relevantes do convenio no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios que se regulan en dito decreto.

**Décima.-** Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, poderá dar lugar á súa modificación e ao reintegro das cantidades percibidas.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora, no suposto de falta de xustificación ou de concurrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Undécima.-** A subscrición deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Consello Galego de Relacións Laborais, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

**Duodécima.-** Este convenio de colaboración terá natureza administrativa, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas; polos preceptos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei; da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e polo establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera discrepancia que poida xurdir sobre a súa interpretación, creárase unha Comisión Mixta, integrada por unha representación designada por cada unha das partes asinantes do convenio. No caso de que a discrepancia verse sobre cuestións que se refiran exclusivamente á subvención, se persistira, será resolta pola presidencia do Consello Galego de Relacións Laborais e a súa resolución, que porá fin á vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

**Décima terceira.-** As partes manifestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 e conforme ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, *de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obrigação legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

As partes autorizan a que os seus datos persoais consten no convenio, e mailo resto das especificacións nel contidas e a que podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Santiago de Compostela, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

**Décima cuarta.-** O Consello Galego de Relacións Laborais poderá realizar actuacións de comprobación, en calquera momento, sobre a execución material das accións obxecto do convenio.

**Décima quinta.-** O incumprimento de calquera das cláusulas que regulan este convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

**Décima sexta.-** Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, sen prexuízo de que serán obxecto de subvención as actividades que se desenvolverán desde o inicio do curso, de conformidade co establecido no artigo 2.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estenderá a súa vixencia ata o 8 de abril de 2022.

Lido por ambas as dúas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no convenio, asínano e rubricano por duplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

A secretaria  
do Consello Galego de Relacións Laborais

O reitor da Universidade de Santiago  
de Compostela

Cristina Fabeiro Varela

Antonio López Díaz

## ANEXO I

### CURSO DE FORMACIÓN EN AUDITORÍA XURÍDICO-LABORAL

**Director:**

Javier Gárate Castro

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Universidade de Santiago de Compostela.

**Codirectora:**

Yolanda Maneiro Vázquez

Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Universidade de Santiago de Compostela.

**Organiza:**

Consello Galego de Relacións Laborais

Universidade de Santiago de Compostela

### PROGRAMA

#### I

#### **A TÉCNICA DA AUDITORÍA XURÍDICO-LABORAL (20 horas; 10 lectivas e 10 de traballo tutelado)**

1. Concepto de auditoría laboral. Caracteres, obxectivos e criterios.
2. Auditoría interna e externa.
3. Oportunidade da realización dunha auditoría laboral.
4. A persoa auditora. Cualificación, independencia e obxectividade. O segredo profesional.
5. A planificación da auditoría.
  - a) Obtención de información. Aspectos aos que debe ir referida.
  - b) Interlocutoras e interlocutores.
  - c) Programa
  - d) Execución. Check-list. Elaboración do informe.
  - e) A auditoría no campo da contratación laboral. Aspectos a revisar.
6. Suposto práctico consistente na elaboración dun informe de auditoría a partir dos datos facilitados polo profesorado.

## II

### **CONTIDOS SUBSTANTIVOS (55 horas lectivas)**

1. Os problemas de identificación da empresa laboral.
2. As modalidades de contrato de traballo. Presupostos autorizantes do emprego de cada unha delas.
3. Subvencións e bonificacións vinculadas á contratación laboral. Efectos do incumprimento das condicións determinantes da súa concesión.
4. As relacións laborais nos procesos de descentralización produtiva. Exame das responsabilidades das empresas involucradas. Cesións ilegais de man de obra. Utilización de persoas traballadoras cedidas por empresas de traballo temporal.
5. Problemas asociados á determinación do convenio colectivo aplicable á empresa auditada. Posibilidade de inaplicación do dito convenio. Criterios para a determinación do convenio colectivo sectorial aplicable; convenio colectivo aplicable ás persoas traballadoras afectadas por unha transmisión de empresa; preferencia aplicativa do convenio colectivo de empresa, grupo de empresas ou empresas en rede.
6. A ordenación do tempo de traballo na empresa. Xornada de traballo e control horario. Descanso semanal, descanso en festivos, vacacións, permisos.
7. Os sistemas de control da prestación de traballo. Recopilación de información relativa ás persoas traballadoras e normativa sobre protección de datos.
8. A retribución. Dobres escalas salariais e principio de igualdade. A igualdade de remuneración por razón de sexo.
9. O plan de igualdade: elaboración e contidos.
10. O aseguramento das persoas traballadoras. Afiliación. Altas e baixas; situacións asimiladas á de alta. Cotización.
11. A empresaria ou o empresario como suxeito responsable de infraccións na orde social. Infraccións das empresas en materia de relacións laborais, en materia de emprego, en materia de empresas de traballo temporal e empresas usuarias e en materia de seguridade social. Outras infraccións. Sancións.

## III

### **CONFERENCIAS DE INAUGURACIÓN E DE CLAUSURA (5 horas lectivas)**

A conferencia de inauguración e a conferencia de clausura versarán sobre os temas de actualidade vinculados coa auditoría xurídico-laboral. Realizaranse de xeito presencial (Aínda

que con retransmisión tamén *online*) e seguirán o seguinte formato:

### **Conferencia de inauguración :**

#### *Acto inaugural:*

- Decana da Facultade de Dereito
- Consello Galego de Relacións Laborais
- Javier Gárate Castro

#### *Ponencia de inauguración:*

- Presenta: Javier Gárate Castro
- Ponente: Ignacio García-Perrote Escartín. Maxistrado da Sala IV Tribunal Supremo Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social

### **Conferencia de clausura:**

Presenta: Javier Gárate Castro

Ponente: María Emilia Casas Baaamonde

#### *Acto de clausura:*

- Rector Universidade de Santiago de Compostela
- Axentes sociais
- Consello Galego de Relacións Laborais

## **PROFESORADO**

#### *Conferencia inaugural*

#### **Ignacio García Perrote**

Maxistrado da Sala IV Tribunal Supremo. Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social.

#### *Caso práctico: formulamento e resolución*

#### *Técnicas de auditoría laboral*

#### **Sara Alcázar Ortiz**

Profesora Contratada Doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Universidade de Zaragoza.

*Contratación*

**Lourdes Mella Méndez**

Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social.  
Universidade de Santiago de Compostela.

*Salario*

**Gustavo Quirós Hidalgo**

Profesor Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social.  
Universidade de León.

*Tempo de traballo*

**Juan García Blasco**

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social.  
Universidade de Zaragoza

*Descentralización produtiva*

*Convenios colectivos*

**Javier Gárate Castro**

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social  
Universidade de Santiago de Compostela.

*Axudas á contratación*

**José Pazó Argibay**

Técnico de emprego no Concello de Porto do Son.  
Doutor en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela.

*Plan de igualdade*

**Teresa Velasco Portero**

Profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social  
Universidade Loyola Andalucía.

*Control da prestación laboral*

**Yolanda Maneiro Vázquez**

Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social  
Universidade de Santiago de Compostela

*Infraccións e sancións*

**Inspección de Traballo**

*Actos de encadramento*

**Consuelo Ferreiro Regueiro**

Profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social.  
Universidade de Santiago de Compostela.

*Conferencia de Clausura*

**María Emilia Casas Baamonde**

Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Universidade Complutense de Madrid. Presidenta Emérita do Tribunal Constitucional. Presidenta da Asociación Española de Dereito do Traballo e da Seguridade Social. Presidenta da Sociedade Internacional de Dereito do Traballo e da Seguridade Social.

O curso desenvolverase *online*, a razón de 4 horas por semana (unha ou dúas sesións). Como excepción, tres semanas comprenderán dúas sesións de 4 horas cada unha. As sesións serán pola tarde.

As conferencias de inauguración e clausura terán lugar de xeito presencial, se ben se retransmitirán tamén *online* para todos os asistentes que así o prefiran.

Para o acceso ao título os alumnos deberán realizar e entregar o informe de auditoría sobre o suposto formulado ao respecto.

## ANEXO II

Cristina Fabeiro Varela, secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais,

### CERTIFICA

**Primeiro:** Que, a 1 de xaneiro de 2021, o orzamento de explotación do Consello Galego de Relacións Laborais para o exercicio de 2021 ascende á cantidade de 1.224.460,00 euros.

**Segundo:** Que no orzamento de explotación do Consello para 2021, na aplicación 11.B1.324A.444.01 “Transferencias correntes á Universidade de Santiago de Compostela”, existe actualmente crédito por importe de 14.000 euros

**Terceiro:** Que, con cargo á devandita aplicación contable, o Pleno do Consello, na súa xuntanza do 16.07.2021 aprobou a realización, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, da primeira edición do Curso de Formación en Auditoría Xurídico-Laboral.

**Carto:** Que a contía da subvención a outorgar á Universidade de Santiago de Compostela para a realización do citado curso ascende a unha cantidade total de trece mil catrocentos euros (13.400,00€).

**Quinto:** Que do crédito dispoñible a data de hoxe na aplicación 11.B1.324A.444.01 “Transferencias correntes á Universidade de Santiago de Compostela”, destinaranse catro mil cen euros (4.100,00€) ao pagamento á Universidade de Santiago de Compostela, en concepto de subvención, dos gastos do I Curso de Formación en Auditoría Xurídico-Laboral correspondentes ao seu desenvolvemento no mes de decembro de 2021.

**Sexto:** Que os gastos subvencionables do I Curso de Formación en Auditoría Xurídico-Laboral correspondentes ao seu desenvolvemento nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2022, que ascenden a unha cantidade total de novel mil trescentos euros (9.300,00 €) serán sufragados por este Consello con cargo ao seu orzamento de explotación do ano 2022.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido e asino a presente en Santiago de Compostela a 6 de outubro de 2021.